

ACTA DE DO TRIBUNAL CUALIFICADOR – CONFECCIÓN DA LISTAXE COS RESULTADOS PROVISIONAIS DA CUALIFICACIÓN FINAL DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN DUN/HA AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A DO DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS

No Salón de Plenos do Concello de Meis, sendo as 08:30 horas do día 10 de abril de 2026, reúnense os membros do tribunal cualificador do proceso de selección para a provisión, mediante concurso-oposición, dun posto de auxiliar administrativo, e para a formación dunha listaxe de reserva na mesma categoría, a contratar por circunstancias da produción dadas as circunstancias ocasionais e imprevisibles que xurdiron no departamento de Servizos Sociais, en aplicación das bases reitoras da convocatoria, aprobadas mediante Resolución da Alcaldía número 2026-0067, de data 10 de febreiro de 2026, cuxa convocatoria foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 33, do 18 de febreiro de 2026.

Estando presentes:

- Presidenta: Dna. María Gómez García, Secretaria-Interventora do Concello de Meis.
- Secretario (con voz e sen voto): D. Roberto Carrodegua Méndez, Secretario-Interventor adxunto do Concello de Meis.
- Vogal: Dna. Ana Rosa Vázquez Pérez, Traballadora social do Concello de Meis.
- Vogal: Dna. María del Carmen Rey Romero, técnica de xestión (AEDL) do Concello de Meis.
- Vogal: D. Ramón Fariña Barral, funcionario auxiliar administrativo C2 do Concello de Meis.

O Tribunal declárase debidamente constituído. De seguido toma razón da relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo, por orde de puntuación:

	APELIDOS E NOME	DNI	OPOSICIÓN	CONCURSO	TOTAL
1	SOUTO SOUTO MARÍA JOSEFA	***6722**	51,00	11,80	62,80
2	MUÑOZ LEIRO ARTURO	***2625**	55,00	7,10	62,10
3	GONZÁLEZ VILAR ANTÍA	***9142**	43,50	8,75	52,25
4	DÍAZ GONZÁLEZ ELISEO	***2411**	42,50	0,75	43,25
5	SÁNCHEZ SILVA MARÍA LUZ	***7323**	35,50	4,90	40,40

De conformidade coas bases reguladoras da convocatoria da citada praza, determinada a cualificación final das persoas aspirantes, o tribunal confeccionará a listaxe cos resultados provisionais do proceso que será publicada no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica [<https://meis.sedelectronica.gal>]. Contra esta listaxe, as persoas interesadas poderán formular alegacións ante o tribunal cualificador no prazo de **dous (2) días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

En caso de que non se efectúen alegacións no prazo anteriormente indicado, o listado coas puntuacións provisionais elevarase a definitivo.





Transcorrido o período de alegacións o tribunal elaborará as listaxes cos resultados definitivos do proceso e fará unha listaxe das persoas aprobadas, ordenada de maior a menor puntuación, que será aprobada pola Alcaldía e que servirán para efectuar os chamamentos en caso de baixa do titular (definitiva ou temporal). De renunciar ou non contestar dentro do prazo indicado, o aspirante quedará excluído, procedendo ao chamamento do seguinte aspirante por orde de lista.

Sendo as 08:45 horas dáse por rematada a sesión. E para que así conste, e aos efectos oportunos, expídese a presente acta, asinándoa electrónicamente todos os presentes en proba de conformidade.

